



Accesibilidade e deseño para todos

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

Edita: Federación Autismo Galicia

Os símbolos empregados son obra de Sergio Palao para CATEDU (<http://catedu.es/arasaac/>)
que os publica baixo licencia Creative Commons

Maquetación e imprenta: Difux S.L.

ÍNDICE

• Accesibilidade	7
• Trastornos do espectro do autismo	11
• Eliminando barreiras de comunicación	17
• Un beneficio para moitos	23
• Bibliografía	24

“Penso con imaxes. As palabras son para min como unha segunda lingua. Traduzo tanto as palabras faladas como escritas en películas en cor, con son e todo, que pasan pola miña cabeza coma unha cinta de vídeo. Cando alguén me fala, as súas palabras tradúcense de inmediato en imaxes.” (trad. a.)¹

Temple Grandin 2006

¹ GRANDIN, T. 2006 *Pensar con imáxenes. Mi vida con el autismo*. Alba Editorial.



1

ACCESIBILIDADE

1. ACCESIBILIDADE

A **acesibilidade universal** é unha condición imprescindible para que todas as persoas poidan exercer os seus dereitos de forma igualitaria e desenvolverse libremente. Implica, non só a eliminación de barreiras físicas, senón tamén psicolóxicas, culturais, informativas e comunicativas.

Segundo o concepto europeo “a accesibilidade é unha característica básica do espazo construído. É a condición que posibilita o chegar, entrar, saír, empregar as casas, as tendas, os teatros, os parques e os lugares de traballo. A accesibilidade permite ás persoas participar en actividades sociais e económicas para as que se lles concedeu o entorno construído” ([trad. a.] *Concepto Europeo de Accesibilidad*, CEAPAT, 1996).

A **acesibilidade** aparece recollida na **Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade**, aprobada o 13 de decembro de 2006 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, como un dos seus principios xerais. Esta convención, ratificada por España no ano 2008, menciona a **discapacidade** como un concepto que evoluciona e **resulta da interacción entre as persoas con deficiencias e as barreiras debidas á actitude e ao entorno**, o que evita a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais. Neste sentido, a lexislación española, concretamente a **Lei 26/2011** de adaptación normativa á Convención, establece no seu preámbulo que unha sociedade aberta e inclusiva ten que modificar o entorno solidariamente para acoller ás persoas con discapacidade como elementos enriquecedores que ensanchan a humanidade e lle engaden

valor e debe facelo tomando en consideración a propia intervención das persoas con capacidades diferentes.

A **Lei 51/2003** de Igualdade de Oportunidades, Non Discriminación e Accesibilidade Universal das Persoas con Discapacidade (LIONDAU) promulgouse co obxecto de establecer medidas para garantir e facer efectivo o dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, de acordo co establecido anteriormente na Constitución Española. De feito, con este texto de 2003 xa se tiñan incorporado ao noso ordenamento xurídico os principios de **diseño para todos** e de **accesibilidade universal**, entendida esta última como “a condición que deben cumprir os espazos, procesos e servizos, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade da forma máis natural e autónoma posible”. Ademais, coa súa adaptación á Convención de Nacións Unidas, esta norma establece unha serie de condicións de accesibilidade e non discriminación que teñen o carácter de básicas e entre as que se atopan os apoios complementarios, é dicir, sistemas de apoios á comunicación oral e lingua de signos, sistemas de comunicación táctil e outros dispositivos que permitan a comunicación (Artigo 10).

Baixo estes preceptos legais, debemos tomar conciencia da necesidade de facilitar a participación social en igualdade de condicións e o exercicio dos dereitos ás persoas con discapacidade, suprimindo os obstáculos presentes no entorno e creando, como marca a Convención, unha sociedade aberta, inclusiva e, ante todo, solidaria.



AUTISMO

2

**TRASTORNO
DO ESPECTRO
DO AUTISMO**

2. TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO

Os Trastornos do Espectro do Autismo (TEA), son trastornos complexos que afectan ao desenvolvemento do sistema nervioso e ao funcionamento cerebral, especialmente nos aspectos relacionados co procesamento da información que provén dos estímulos sociais. Na actualidade non é posible determinar unha causa única que explique a aparición dos trastornos do espectro do autismo, pero si a forte implicación xenética na súa orixe. A gran variabilidade presente neste tipo de trastornos apunta tamén á relevancia que pode ter a interacción entre os distintos xenes e diferentes factores ambientais no desenvolvemento dos TEA, pero polo de agora, estes elementos non se atopan claramente identificados.

Na actualidade non existe ningún marcador biolóxico recoñecido que permita a diagnose dos TEA. Esta realízase en base a diferentes indicadores no desenvolvemento da persoa que apunta a unha alteración no mesmo, así como a unha avaliación específica da súa conduta.

As manifestacións clínicas nos TEA poden variar enormemente entre as persoas que o presentan, así como as súas habilidades intelectuais, dende a discapacidade intelectual a capacidades intelectuais situadas no rango medio ou superior ao mesmo.

Sen embargo, todas as persoas con TEA comparten as diferentes características que definen este tipo de trastornos:

- As súas **habilidades de interacción** cos demais son moi **distintas das habituais**. Nalgúns casos poden presentar un illamento social importante ou non manifestar moito interese por relacionarse cos demais, poden presentar os mesmos comportamentos de forma repetitiva e ter problemas para afrontar cambios nas súas actividades e na súa contorna, aínda que sexan mínimos.

- Outra das características que presentas as persoas con TEA son as **alteracións na linguaxe**. Unha parte significativa destas persoas non teñen linguaxe oral, ou téñena moi pouco desenvolvida. Isto interfere directamente na súa capacidade para interpretar e interactuar co mundo que os rodea, polo que é necesario suplir esta carencia con outras formas de comunicación, os chamados Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación (SAAC).



Un dos seus puntos fortes é o seu excelente pensamento visual, é dicir, asimilan mellor a información se a ven representada con *imaxes*, polo que é moito mais sinxelo comunicarse con eles valéndose deste medio . Unha das estratexias básicas para comunicarnos coas persoas con TEA é polo tanto presentar a información de forma visual, axustándonos ás características específicas do pensamento destas persoas.

Os apoios visuais serven ás persoas con TEA para:

- ***Comprender situaciones sociales:*** clarifica a información verbal, as normas non explícitas, da seguridade e reduce a ansiedade.
- ***Mellorar a súa autonomía e independencia:*** axuda a situarse no espazo e no tempo, a planificar as propias actividades ou tomar decisións.
- ***Comunicar as súas necesidades ou gustos.***

Con todo isto lógrase que a persoa alcance unha maior calidade de vida.



3

**ELIMINANDO
BARRERAS
DE COMUNICACIÓN**

3. ELIMINANDO BARRERAS DE COMUNICACIÓN


Cando se fala de adaptar espazos a persoas con discapacidade, adóitase establecer una asociación directa coa eliminación de barreiras arquitectónicas, portas de ancho especial, ramplas de acceso, lavabos adaptados para cadeira de rodas etc. Sen embargo, existen outras barreiras menos visibles que dificultan o acceso das persoas con discapacidade aos espazos públicos: son as barreiras de comunicación.

Estamos xa afeitos a algunhas destas adaptacións comunicativas, como poden ser os escritos en braille ou a audiodescrición para as persoas cegas; pero outras resúltannos mais alleas, como ocorre cos pictogramas.

Dentro destes SAAC, o sistema que mellor se adapta ás necesidades das persoas con autismo é un sistema baseado en imaxes como son os **pictogramas**. Un pictograma é unha representación visual dunha realidade, que pode ser un obxecto, unha acción, un concepto abstracto e mesmo un elemento gramatical.

Os pictogramas:

- Garanten a comprensión da mensaxe que emitimos, poñendo imaxes ás palabras.
- Facilitan a expresión.
- Centran a atención da persoa no que desexamos transmitirle.
- Axudan a estruturar o espazo e o tempo e a planificar a actividade.




Exemplo de norma para sinalizar a regra de entrar na piscina duchado.

É doado imaxinar o desconcerto de calquera persoa ao se atopar nun espazo público como un aeroporto, unha oficina de correos, unha comisaría ou un ximnasio que é descoñecido e non está debidamente sinalizado.

Os carteis nos lugares públicos indícanos o acceso aos diferentes servizos, dándonos seguridade e facilitándonos o uso das instalacións. Responden a preguntas como: que vou facer? Onde debo ir? Situándonos no tempo e no espazo e anticipando o que vai ocorrer. A utilidade que estes símbolos teñen para calquera persoa é a mesma que a sinalización con pictogramas supón para unha persoa con TEA.

Aínda que habitualmente atopamos símbolos gráficos nos espazos públicos, non están adaptados ás necesidades de comprensión das persoas con autismo. Os cambios na cor ou na forma do debuxo fan que non recoñezan o que nel se representa. Mesmo colocar pictogramas sobre obxectos reais pode axudar ás persoas con TEA a ver a conexión entre o pictograma e o obxecto real.





4

**UN BENEFICIO
PARA MOITOS**

4. UN BENEFICIO PARA MOITOS

Cando empregamos pictogramas o entorno vólvese máis previsible e comprensible á hora de se orientar e de utilizar os servizos. Por extensión, outros colectivos veranse beneficiados deste tipo de adaptacións e atoparán nos pictogramas unha valiosa axuda:

- Persoas con discapacidades cognitivas e mentais
- Persoas con incapacidade na fala
- Personas maiores
- Nenos e nenas
- Persoas analfabetas funcionais
- Extranxeiros que descoñecen o noso idioma

Ademais dos colectivos mencionados, a accesibilidade beneficia ao conxunto de cidadáns, xa que todos nos podemos atopar temporalmente nunha situación de desvantaxe. Trátase de cambios sinxelos que contribúen ao benestar e á igualdade de dereitos das persoas con discapacidade en xeral e con autismo en particular, dándolles a oportunidade de participar de forma activa na sociedade



BIBLIOGRAFÍA

- *Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade* do 13 de decembro de 2006.
- *Lei 51/2003, de 2 de decembro de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.*
- Hogdon, L.A. (2002) *Estrategias visuales para mejorar la comunicación. Ayudas prácticas para la escuela y el hogar.* EEUU: Quirk Roberts Publishing.
- Hernández, J. M^a (2007) *Déjame que te hable de los niños y niñas con autismo de tu escuela.* Madrid: Teleno www.asociacionalanda.org
- *Accesibilidad y capacidades cognitivas. Movilidad en el entorno urbano, vialidad, transporte y edificios públicos.* (2009) Fundación ONCE y Technosite.
- www.pictogramas.org
- www.catedu.es/arasaac





FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

Quen somos:

Unha federación de entidades que ten como misión mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) e as súas familias.

O noso ámbito de actuación é autonómico, somos entidade declarada de utilidade pública e inscrita no Rexistro de Asociacións co número 95-2. Estamos tamén inscritos no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (E-948) e no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria (O205).


A Federación Autismo Galicia é o referente a nivel autonómico para as persoas con TEA e as súas familias, gracias á especificidade dos servizos e intervencións, deseñados por profesionais especializados para axustarse ás necesidades deste colectivo. Contribuímos a nivel técnico no deseño de políticas de inclusión social e no plano informativo contribuímos á información, coñecemento e visibilidade das persoas con TEA.

Prestamos servizos complementarios ás entidades federadas e promovemos o consenso nas liñas de actuación, fomentando a participación, a transparencia, e solidariedade e o exercicio democrático.

A nosa actuación baséase nos principios de transparencia informativa, participación, solidariedade, igualdade e democracia interna e defendemos os seguintes valores:

- A consideración da persoa con TEA como suxeito con dereitos e deberes en igualdade de condicións ao resto das persoas.
- Máxima calidade nas entidades e servizos.
- Importancia da familia en todos os programas orientados á intervención coas persoas con TEA.
- Necesidade de colaboración entre profesionais e familias para un funcionamento eficiente e de calidade das entidades.

Na Federación Autismo Galicia apostamos pola converxencia e o traballo en rede e formamos parte da Confederación Autismo España e de Autismo Europa.





Rúa Home Santo de Bonaval, 74
Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 589 365
Fax: 981 589 344
info@autismogalicia.org
www.autismogalicia.org

Este é un proxecto financiado por:



Fundación ONCE

síguenos en: 